



# novas en branco e negro


Nº 13 - Decembro 2002



O periódico  
dos criadores de frisón de Galicia



## GALICIA II<sup>a</sup> AUTONOMÍA CONAFE '02 XXIV CONCURSO NACIONAL CONAFE '02




Grupo de vacas co que Galicia conquistou o título de II<sup>a</sup> Mellor Autonomía Conafe '02

A Feira Internacional de Mostras de Asturias, en Xixón, acolleu durante os pasados días 26 ó 29 de Setembro, o XXIV Concurso Nacional Conafe '02 no que participaron 262 animáis. Galicia non podía faltar a tan importante cita, e alí estivemos con 19 estupendos exemplares.

O xulgamento do Concurso correu a cargo do Xuiz Internacional da Asociación Holstein


de Estados Unidos, Mr. Randy M. Kortus, propietario da gandería Mainstream Holstein, quen comentou a gran calidade dos animáis presentados, confirmando este certame como un dos más importantes a nivel Internacional e o de maior nivel por el xulgado.



DOLORES Vaca Adulta campiona Conafe '02 Vaca Reserva Gran Campiona Conafe '02.

Segue na pág. 3


A Federación Frisona  
Galega deséxalles  
un Bo Nadal  
e Aninovo




## II<sup>a</sup> MOSTRA NACIONAL DE GRUPOS DE DESCENCENCIA CONAFE '02

Por segunda vez, Conafe xunto con Ascol e Fefriga, organizaron a II<sup>a</sup> Mostra de Grupos de Progenie na que a Federación Frisona


Galega presentou 4 selectos lotes de vacas fillas dos touros: CUBEIRO, FONTÁNS, LOURO e LÉREZ.




Esqda. Blanco Cubeiro BRILLANTE  
Gandería Blanco (Silleda-PO)



Esqda. Martín Fontáns PASTORA  
Germán y Martín (Chantada-LU)



Esqda. PALOMA  
Casa Nova (Mesía-C)



Esqda. Rigueiro Louro TRANQUILA  
Nicasio Rigueiro (Pastoriza-LU)  
Dta. González Louro PELOURA  
Gandería González (Lalin-PO)

## DATAS A LEMBRAR

- 1 ó 2 de Marzo (Chantada - Lugo)  
XII Concurso-Subasta de Gando Frisón Chantada '03
- Marzo-Abril (Mallorca)  
XXXI Escuela Nacional de Jueces Conafe '03
- 5 e 6 de Abril (Muimenta - Lugo)  
XVI Concurso da Raza Frisona Moexmu '03
- 23 ó 26 de Abril (Mollerusa - Lleida)  
Concurso Nacional de Primavera Conafe '03
- 30 de Abril ó 4 de Maio (Silleda - Pontevedra)  
XXVI Feria Internacional Semana Verde de Galicia  
- XXV Concurso Internacional "Semana Verde"  
- XIV Conc. de Xoves Manexadores "Semana Verde"  
- XII Concurso Autonómico da Raza Frisona Fefriga '03  
- VII Subasta Top-Bos  
- III Concurso de Pintura Fefriga '03
- 23 ó 26 de Outubro (Xixón - Asturias)  
XXV Concurso Nacional de Otoño Conafe '03

## XVI ESCOLA DE XUICES GANDEIROS “FEFRIGA ‘02”



Trálo paréntese obrigado que impuxo a febre aftosa no 2001, os últimos días de Xullo volvían a ser cita ineludible daqueles gandeiros galegos -e de outros que xa figuran como incondicionais, vidos dende Asturias, Cataluña, Extremadura, Toledo e Portugal,- que queren mellorar e actualizálos seus coñecementos sobre a morfoloxía da vaca Frisona a través das Escolas de Xuices Gandeiros que organiza a Federación Frisona Galega, en colaboración coas Africor, Conafe e a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia.




Conferencias no Salón de Actos da Cooperativa ICOS de Chantada.

Nesta ocasión, a provincia de Lugo, máis concretamente a zona sur, era o escenario onde se iba a desenrolar a **XVI Escola de Xuices Gandeiros “Fefriga ‘02”** e para que todo estivera a punto, gandeiros, técnicos e persoal de Africor-Lugo uniron os seus esforzos para ofrecer a extraordinaria imaxe de calidade e profesionalidade que ó longo de toda a Escola podemos constatar.

Así pois, o día 29 de Xullo, no salón de Actos da **Cooperativa ICOS**, en Chantada, e coa participación de 172 alumnos, daba comienzo a XVI Escola de Xuices. As detalladas explicacións que, da *Conformación da Vaca*

**Frisona** deu **D. Gabriel Blanco**, foron a introducción téorica necesaria para que os alumnos, especialmente os más novos, se familiarizasen cos distintas rexións da vaca así como a importancia que cada unha delas ten na vida productiva, e polo tanto, na rentabilidade da vaca; tras esta charla, e como complemento á mesma, Gabriel falou sobre o emprego dos Índices Xenéticos á hora de realizaros acoplamentos correctivos, necesarios para a obtención dos animais lonxevos e rentables que anteriormente describira.




Sección no Mercado de Gando de Chantada.

Pola tarde, no Mercado de Gando de Chantada e baixo a experta dirección do Xuiz Nacional **D. José Ramón Badiola**, comezaban as clases prácticas co xulgamento de catro estupendas seccións formadas por animais propiedade das ganderías: **Fontestriz, Raxeiras, O Pacio, Antonio López, Tato, Sendín, Lixeiro, Moreira, Adolfo, Basan Grande, Perlada, Machatín, Capón e Perrelos**.




Sección en Vilar de Susao (Vilarello-Sarria)

O día 30 os nosos pasos dirixíronse cara a comarca de Sarria, iniciando a xornada cunha estupenda sección de vacas propiedade da gandería **Casa de Riba**, a continuación con animais propiedade da gandería **Vilar de Susao**, xulgaronse outras tres moi boas seccións de animais. A xornada remataba en **Casa de Baixo** co xulgamento de tres extraordinarias seccións, así como unha interesante clase práctica sobre a *Conformación da Ubre*.



Sección en Casa de Baixo (Ermida-Vilamaior)

O día 31 iniciábamos o noso percorrido na localidade de Vilaxuste (Portomarín), onde se xulgaron catro bonitas seccións compostas por animais da **Sat A Campiña**, seguidamente desplazámonos a Berbetouros no Concello de Palas de Rei onde se xulgaron dúas interesantes seccións con animais de **Sat San Miguel** de Berbetouros e para rematar a continuación tivemos outras dúas seccións e unha *Clase Práctica sobre Acoplamentos* na **Casa Arias** de Covelo.



Clase Práctica de Acoplamentos en Casa Arias (Covelo-Palas de Rei)

## II<sup>a</sup> XUNTANZA DE TÉCNICOS DE CAMPO “FEFRIGA ‘02”



Organizado pola Federación Frisona Galega en colaboración cas Africores, celebrouse o pasado día 7 de outubro, a **II<sup>a</sup> Xuntanza de Técnicos de Campo**, na que participaron máis de 120 controladores e outros técnicos procedentes das catro Africores e Fefriga.

A xornada, -que estaba dividida nunha parte, teórica e noutra práctica,- comenzaba no Salón de Actos da *Escola de Capacitación Agraria de Guísamo*, cas conferencias, que sobre a *Morfología da Vaca Frisona e Acoplamentos Dirixidos*, impartiu o Xefe do Departamento de Morfoloxía de Conafe, **D. Gabriel Blanco**, a

continuación, **D. José Manuel Riesgo**, Xefe de Área de Mellora Xenética da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, explicou ós asistentes, e con todo luxo de detalles, o estricto proceso de selección que se segue para a incorporación da *nova xenética ó Programa de Mellora de Galicia*.



Momento da charla impartida por D. José Manuel Riesgo, Xefe de Área de Mellora Xenética.


Pola tarde, baixo a experta dirección de Gabriel Blanco, -acompañado por Juan Manuel Ahedo, coordinador de Calificación,- os alumnos realizaron prácticas de Xulgamento e acoplamentos dirixidos, con catro lotes de animais, -1 sección de xatas, outra de novillas e dúas de vacas,- que a tal efecto foran preparadas polo persoal da U.T.E. de Bos.



Sección práctica de vacas en lactación

## XXIV CONCURSO NACIONAL CONAFE '02

Ven da portada



Stand de vacas fillas dos Touros de Galicia

Non imos facer un resumen do que foi o concurso, -**Frisona Española** no seu nº 131 de Septembro-Outubro 2002, xa se ocupou delo, pero sí debemos, e queremos, resaltar os estupendos resultados acadados polos gandeiros galegos conquistando para Galicia títulos tan importantes como:

- **IIª Mellor Autonomía**, cas vacas **DOLORES**, **Agrortegal GALLETERA Juror**, **Bos Astre BAIÑA**, **Xercas PUCHA Lérez e Tato Fontans TANA** propiedade das ganderías Casa Costa, Granxa Caxigueira, Gandería Cobas, Xercas-Casa Pernas e Gandería Tato respectivamente.
- **Reserva Gran Campiona e Vaca Adulta Campiona**, **DOLORES**, propiedade de Casa Costa de Barreiros, Lugo.
- **Vaca Subcampiona Intermedia**, título acadado por **Agrortegal GALLETERA Juror**, propiedade de Granxa Caxigueira, de Ortigueira, A Coruña.


Outros animais que merecen ser reseñados son **Nodi Juror SILKY** de Ganadería Nodi (Barreiros-LU) que se colocaba 2ª na sección de Xatas de 11 a 14 meses e **Bos Astre BAIÑA** de

Gandería Cobas (Silleda-PO), cuarta na sección de vacas adultas de 6 anos ou máis.

**Agrortegal GALLETERA Juror** (Granxa Caxigueira-C)



Vaca Subcampiona Intermedia.



**Bos Astre BAIÑA** (Gandería Cobas-PO) cuarta na sección de Vacas Adultas en Lactación de 6 anos..

A extraordinaria calidade das fillas dos touros do Programa de Mellora Xenética de Galicia demostrada durante a presentación da **IIª Mostra Nacional de Grupos de Progenie**, así como os bos resultados acadados neste XXIV Concurso Nacional, confirman a calidade e

profesionalidade que tras largos anos de traballo, están acadando as ganderías de Galicia.



Stand da Federación Frisona Galega

### GANDERÍAS PARTICIPANTES


**CASANOVA SAT 1021 XUGA** (Mesía - C)  
**CASA CAPÓN** (Chantada - LU)  
**CASA COBAS** (Silleda - PO)  
**CASA COSTA** (Barreiros - LU)  
**GANDERÍA CID, C.B.** (Barreiros - LU)  
**GANDERÍA BLANCO** (Silleda - PO)  
**GANDERÍA GONZÁLEZ** (Lalín - PO)  
**GANDERÍA MANTOÑO** (Barreiros - LU)  
**GANDERÍA NICASIO RIGUEIRO** (Pastoriza - LU)  
**GANDERÍA NODI** (Barreiros - LU)  
**GANDERÍA TATO** (Chantada - LU)  
**GERMÁN Y MARTÍN, S.C.** (Chantada - LU)  
**GRANXA CAXIGUEIRA** (Ortigueira - C)  
**GRANXA VIDUEIRA** (Ortigueira - C)  
**GRANXA VILARMOR** (Ortigueira - C)  
**SAT OS HERDEIROS 1015 XUGA** (Silleda - PO)  
**XERCAS - CASA PERNAS** (Xermade - LU)

A nosa noraboa e agradecemento a todos que cos vosos animais fixestes posible este gran resultado para Galicia. ¡Gracias!

## PROGRAMA DE TRANSFERENCIA DE EMBRÍONES

O pasado día 20 de novembro e tras longos meses de negociación, o Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, **Excmo. Sr. D. Juan Miguel Díz Guedes** e o Presidente da Federación Frisona Galega, **D. José Aquilino Rodríguez López** asinaron o novo Convenio de Colaboración para a xestión da U.T.E./U.D.E. Bos nos vindeiros catro anos.

Este novo Convenio, ó igual que o anterior, ten como obxectivo a obtención de animais, - machos e femias,- da mellor xenética para, a partir da súa utilización como pais e nais de élite, mellorar a Cabana Frisona Galega no seu conxunto.



**Bos Factor ANTIGA ET MB87** e a súa filla **Bos Rubens ANTIA Roja ET**.

Tendo en conta, tanto a dimensión como as necesidades do Programa, -preténdese


implantar ó redor de 250 embríons/ano,- como as limitacións da Finca de Bos para poder aloxar o número de receptoras que se precisaría, é necesario, -para lograr o obxectivo citado anteriormente,- contar cun determinado número de explotacións que desexen colaborar co Programa e que aporten o número de receptoras suficiente para implantar ditos embríons.

As compensacións que recibirán as ganderías incluídas no Programa serán as seguintes:

1. Chequeo gratuito e permanente da gandería, frente a IBR, BVD, Neosporose, Paratuberculosis, Leptospirose e Clamidiase, mentres dure a colaboración co Programa.
2. Compensacións en material xenético (dúas posibilidades):
  - Quedarse co 50% das femias obtidas.
  - Devolver ó Programa o 100% dos animais obtidos (machos e femias) recibindo a cambio dous embríons producidos na U.D.E. Bos (asegurando sempre unha xestación) por cada animal retirado.

A Unidade de Doadoras de Embrións (U.D.E. Bos) poténciase e ampliase , a fin de dar cabida ás femias que se recuperen das explotacións colaboradoras e, a partir destas, incrementala produción de embríons poñendóos á disposición de tódalas ganderías para mellorá-los seus rabaños.

O obxectivo desta Unidade é aproveitar ó máximo as posibilidades de mellora que ofrece a "vía femia", continuando a súa vez as extraordinarias "familias de vacas" cas que traballamos e multiplicálas, a fin de crear unha ampla base de vacas élite nas ganderías de Galicia, capaz de xerar por sí mesma a maioría de sementais a testar no futuro.



**Bos Storm XEBRA ET MB89 2ºP.**  
 2ª L. 305 días 12 218 Kg/L, 3,8% G e 3,5 %P.

Xa foron presentadas máis de 40 solicitudes para colaborar co Programa; se Vd. está interesado en participar e precisa máis información sobre o mesmo, sobre os embríons producidos na U.T.E. Bos, ou calquer outro asunto non dubide en pórse en contacto con Fefriga.

# TOUROS EN PROBA DO P.I.M.X.: 3<sup>a</sup> Tanda 2002

Alh EURO ET									
05/06/01	C.I.A.:	1.11.297	ESPM9201989644						
RICECREST EMERSON ET	TPI:	1571							
USAM0002271271	EX96								
Proba	L	%	G	%	P	Rep			
USA 8/02	+1301	.04	+57	.06	+54	96%			
CF: +1.98	Rep: 88%								
CL: +1.89	CC: +1.21	PP: +1.58	SM: +1.42						
B TERRY ASPEN	INET:	161							
NLDH00247766666	MB85								
Proba	L	%	G	%	P	Rep			
NLD 8/02	+2081	.44	+45	.24	+47	45%			
CF: +104	PP: +102	SM: +104	Rep: 55%						
Idade Días	Kg/L	%G	Kg/G	%P	Kg/P				
02/01	305	12.227	4,9	598	3,3	406			

Bos Lantz MON ET									
26/06/01	C.I.A.:	1.11.289	ESPM1501888822						
RICECREST LANTZ ET	TPI:	1521							
USAM0002266008	EX91								
Proba	L	%	G	%	P	Rep			
USA 8/02	+2621	.17	+52	.01	+81	97%			
CF: +1.26	Rep: 97%								
CL: +2.23	CC: +0.68	PP: +1.12	SM: +0.22						
FREUREHAVEN MASON RAMONA ET	LPI:	1591							
CANH0006805377	MB86								
Proba	L	%	G	%	P	Rep			
CAN 8/02	+1362	.33	+83	.16	+61	59%			
CF: +10	PP: +0	SM: +8	Rep: 50%						
Idade Días	Kg/L	%G	Kg/G	%P	Kg/P				
02/02	305	11.988	4,1	495	3,3	394			

Alh MARINE ET									
11/07/01	C.I.A.:	1.11.298	ESPM9201989645						
RICECREST MARSHALL ET	TPI:	1738							
USAM0002297473	MB86								
Proba	L	%	G	%	P	Rep			
USA 8/02	+2479	.07	+72	.02	+79	91%			
CF: +1.66	Rep: 88%								
CL: +1.02	CC: +0.24	PP: +1.22	SM: +1.45						
QG DELLA ET	INET:	143							
NLDH0263010178	MB86								
Proba	L	%	G	%	P	Rep			
NLD 8/02	+1534	.42	+26	.13	+40	49%			
CF: +106	PP: +104	SM: +105	Rep: 40%						
Idade Días	Kg/L	%G	Kg/G	%P	Kg/P				
02/03	305	8.632	4,-	341	3,3	287			

Hol-Stiens Addison BISBAL									
13/01/01	C.I.A.:	1.11.315	ESPM9201989653						
ETAZON ADDISON	DPS:	231							
NLDM0839380546	MB87								
Proba	L	%	G	%	P	Rep			
NLD 8/02	+2509	.77	+27	.23	+62	99%			
CF: +110	Rep: 98%								
CL: +110	PP: +104								
Idade Días	Kg/L	%G	Kg/G	%P	Kg/P				
02/01	305	10.118	3,9	394	3,6	388			

Hiddink TIP-TOP Rojo									
20/07/01	C.I.A.:	1.11.338	ESPM9202029113						
STADEL RED	DPS:	260							
NLDM011772006	BB84								
Proba	L	%	G	%	P	Rep			
NLD 8/02	+634	.07	+34	.02	+24	94%			
CF: +115	Rep: 98%								
CL: +110	PP: +112								
HIDDINK TULIPE 15	INET:	143							
NLDH0120613245	EX92								
Proba	L	%	G	%	P	Rep			
NLD 8/02	+1534	.42	+26	.13	+40	39%			
CF: +110	PP: +107	SM: +107	Rep: 71%						
Idade Días	Kg/L	%G	Kg/G	%P	Kg/P				
02/03	305	9.280	4,3	399	3,5	324			

SEMI									
30/07/01	C.I.A.:	1.11.309	ESPM9201989646						
JOCKO BESN	ISU:	160							
FRAM5694028588	EX95								
Proba	L	%	G	%	P	Rep			
FRA 8/02	+1330	.35	+24	.07	+48	88%			
CF: +1.8	Rep: 86%								
CL: +1.9	CC: +2.3	PP: +1.0	SM: +1.0						
NOEMIE	ISU:	163							
FRAH5697027813	MB86								
Proba	L	%	G	%	P	Rep			
FRA 5/02	+1626	.15	52	.18	64	57%			
CF: +0.1	PP: +0.6	SM: +0.3	Rep: 49%						
Idade Días	Kg/L	%G	Kg/G	%P	Kg/P				
02/03	305	10.088	3,9	399	3,5	350			

Alh ELEGANT			
-------------	--	--	--